

## **Resolución da xerencia do 21 de marzo de 2025 pola que se convoca concurso específico de méritos para a provisión de postos singularizados, grupo III, vacantes na Universidade de Santiago de Compostela (USC)**

O convenio colectivo para o persoal laboral da USC regula no seu título VI a provisión de postos de traballo.

Existindo postos singularizados vacantes na Relación de postos de traballo de persoal laboral da USC, o xerente no exercicio das competencias delegadas que se lle recoñecen por resolución reitoral do 21 de abril de 2022 (DOG do 26 de abril) modificada pola resolución reitoral do 26 de setembro de 2023 (DOG do 5 de outubro), nos Estatutos da Universidade, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro (DOG do 12 de febreiro) e, de acordo co previsto no artigo 21 do convenio colectivo para o persoal laboral da USC, unha vez informado o Comité Intercentros, resolve convocar concurso para a provisión dos postos vacantes que se relaciona no anexo I desta resolución de acordo coas seguintes,

### **BASES**

#### **PRIMEIRA.- REQUISITOS E CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN**

- 1.1. Poderá participar no presente concurso de méritos, o persoal laboral fixo da USC, que pertenza á categoría profesional e de ser o caso, a especialidade, e que posúa os requisitos esixidos para o desempeño do posto, que se indican no anexo I, calquera que sexa a súa situación administrativa, agás os/as suspensos/as en firme e os/as sancionados/as con cambio de localidade mentres non transcorra o tempo previsto na sanción. Terá a obriga de concursar aquel persoal que estea ocupando un posto en adscrición provisional.
- 1.2. Para poder concursar deberán transcorrer dous anos desde a obtención do último destino definitivo, agás nos supostos de: concorrer a outra modalidade de concurso, reingreso ao servizo activo, remoción, cesamento ou supresión do posto, modificación substancial das condicións de traballo, readscrición de posto, redistribución de efectivos ou cambio de localidade.
- 1.3. Tamén poderá participar o persoal laboral fixo doutras universidades ou doutras administracións coas que exista convenio de reciprocidade, nas condicións que se establezan nos propios convenios.
- 1.4. Todos os requisitos e méritos estarán referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

#### **SEGUNDA.- POSTOS**

- 2.1. O concurso constará de dúas fases:

Primeira fase: postos vacantes que se relacionan no anexo I

Segunda fase: postos singularizados que, de ser o caso resulten vacantes da primeira fase.

- 2.2. As persoas interesadas que desexen participar nas dúas fases deberán facelo constar na súa solicitude, tendo en conta que son consecutivas e que a segunda fase resolverase unha vez que estea rematada a primeira.

- 2.3. A persoa aspirante que acade posto na primeira fase non poderá participar na segunda.
- 2.4. Os postos de traballo que poden solicitarse na primeira fase son os que se detallan no anexo I. Para acceder a calquera posto de traballo, as persoas que concursan deberán reunir os requisitos especificados na base primeira e os que se sinalan no citado anexo.
- 2.5. Rematada a primeira fase publicaranse as vacantes, se foran singularizadas, que quedaron a resultas, no taboleiro electrónico da USC e na páxina web (<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oepprovision/laboral>)
- 2.6. As persoas aspirantes que fixeron constar o seu desexo de participar na fase de resultas, e non acadaran posto na primeira fase, deberán remitir no prazo de 5 días hábiles, a partir da publicación das vacantes a resultas, a solicitude na que figuren por orde de preferencia o/s posto/s de resultas solicitados, e no seu caso o proxecto/s para cada posto aos que opten.
- 2.7. Para acceder a calquera posto de traballo desta fase de resultas, as persoas aspirantes deberán reunir os mesmos requisitos que os esixidos para participar na primeira fase.

### TERCEIRA.- SOLICITUDES

- 3.1. A solicitude para participar neste concurso realizarase no modelo publicado como anexo II e presentarase nas Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistros da USC.
- 3.2. Xunto coa solicitude, as persoas aspirantes deberán presentar para cada posto ao que optan un proxecto de traballo que consistirá no desenvolvemento de tres grandes bloques: análise das tarefas, responsabilidades e requisitos; condicións e medios necesarios para o desempeño do posto, e análise de problemas e proposta de solucións.

Para garantir o principio de igualdade de todas as persoas participantes, a non presentación do/s proxecto/s, xunto coa solicitude ou, en todo caso, dentro do prazo de presentación de solicitudes, dará lugar á exclusión do proceso de concurso na fase correspondente.

Xunto coa solicitude, achegarase por quen concursa a aqueles postos que figuren no anexo cun requisito de formación específica, a documentación acreditativa de posuír o dito requisito, agás que xa obre no expediente persoal do/a traballador/a; neste caso non será necesario achegalo.

- 3.3. O persoal que teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, poderá solicitar a adaptación dos postos aos que opten e para elo deberán cubrir os apartados correspondentes do anexo II, e acompañar á solicitude de participación no concurso un informe expedido polo órgano competente na materia, que acredite a procedencia da adaptación e da compatibilidade co desempeño das funcións que teñan atribuídos os postos solicitados.
- 3.4. O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no taboleiro electrónico.

- 3.5. Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase no taboleiro electrónico da USC e no sitio web (<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oepprovision/laboral>) unha listaxe provisional, na que figurarán as persoas aspirantes admitidas cos postos aos que optan así como as excluídas. Contra a exclusión poderase presentar no rexistro electrónico (<https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/registroEntrada/acceso.htm>), reclamación nun prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita listaxe.
- 3.6. Finalizado o prazo para reparar os defectos que motivaran a exclusión ou omisión, publicarase nos lugares indicados no parágrafo anterior, a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.
- 3.7. Rematado o prazo establecido para a presentación, as solicitudes serán vinculantes para as persoas solicitantes e os destinos adxudicados serán irrenunciabes, agás que se obtivese outro destino mediante convocatoria pública antes de rematar o prazo de toma de posesión.

#### CUARTA.- ACREDITACIÓN DE MÉRITOS

- 4.1 Os/as concursantes deberán ter actualizados os seus expedientes persoais con aquela documentación que teñan pendente de incorporar e que poida ser obxecto de valoración ou que sexa requisito para a ocupación do posto, antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes. A documentación que se incorpore con posterioridade a este prazo non se incluírá no certificado de méritos que se traslade á Comisión de Avaliación.
- 4.2. A xefa do Servizo de Xestión de Persoal expedirá de oficio, certificado acreditativo dos datos que figuren nos expedientes das persoas solicitantes, engadindo o mesmo á solicitude presentada pola persoa aspirante.

#### QUINTA.- VALORACIÓN DOS MÉRITOS

- 5.1. A valoración dos méritos para a adxudicación dos postos de traballo efectuarase conforme ao seguinte baremo:

<b>A- BAREMO XERAL: máximo 45 puntos</b>		
<b>Valoración do traballo desenvolvido: máximo 20 puntos</b>	<b>Puntuación por ano</b>	<b>Puntuación por mes</b>
Postos singularizados do grupo I	3	0,25
Postos singularizados do grupo II	2,5	0,208
Postos singularizados do grupo III	2	0,166
Postos singularizados do grupo IV	1,5	0,125
<b>Antigüidade: máximo 20 puntos</b>		
Nas categorías para as que estea definido o posto na USC ou categoría equivalente das Universidades públicas.	2	0,167
En distinta categoría en universidades públicas	0,4	0,035
Noutras administracións públicas	0,4	0,035

<b>Formación xeral: máximo 5 puntos</b>
Cursos de aptitude: 0,0125 puntos/ hora
Cursos de asistencia: 0,0025 puntos/ hora
Cursos impartidos: 0,0125 puntos/ hora
Curso de iniciación ao galego ou Celga 3: 0,75 puntos
Curso de perfeccionamento de galego ou Celga 4: 1 punto
Curso de linguaxe administrativo básico: 1 punto
Curso de linguaxe administrativo medio: 1,25 punto
<b>B- BAREMO ESPECÍFICO: máximo 55 puntos</b>
<b>Formación específica: máximo 25</b>
Cursos de aptitude relacionados co posto a cubrir: 0,15 puntos/hora
Cursos de asistencia relacionados co posto a cubrir: 0,07 puntos/hora
Cursos impartidos relacionados co posto a cubrir: 0,20 puntos/hora
<b>Proxecto de traballo para o posto ao que se opta e defensa pública: máximo 30 puntos</b>
Análise das tarefas, responsabilidades e requisitos.
Condicións e medios necesarios para o desempeño do traballo.
Análise de problemas e proposta de solucións.

5.2. Non se puntuarán no apartado de valoración do traballo desenvolvido nin no da antigüidade, os servizos desempeñados en atribución temporal de funcións en postos ou categorías superiores así como os servizos desempeñados en postos non integrados na RPT .

5.3. A valoración da formación efectuarase conforme aos seguintes criterios:

- ✓ Valoraranse os cursos organizados pola Universidade de Santiago de Compostela, pola Escola Galega de Administración Pública, polo Instituto Nacional da Administración Pública, por centros oficiais de calquera Administración Pública, os que estean homologados polo órgano correspondente da Administración Autonómica, e os impartidos por organizacións sindicais e empresariais que estean suficientemente acreditados dentro dos programas de formación continua.
- ✓ De valorarse o curso de perfeccionamento de galego ou Celga 4 non se valorará o de iniciación ou Celga 3, igualmente no caso de cursos de aproveitamento e de asistencia e de cursos impartidos. En ningún caso se poderá puntuar o mesmo curso dúas veces.
- ✓ Terán carácter xeral, ademais dos que determine a comisión, os cursos de idiomas, os de ofimática, procedemento administrativo, calidade e os de prevención de riscos, agás que sexan un requisito ou estean relacionados directamente coas actividades e funcións propias do posto convocado.

- ✓ Terán carácter específico, aqueles cursos que a Comisión de Valoración considere que están directamente relacionados coas actividades e funcións propias do posto convocado.
- ✓ Nos cursos nos que non figure o número de horas, a puntuación farase polo mínimo de 10 horas.
- ✓ Non se valorarán os cursos conducentes á obtención dunha titulación académica, completos nin por materias.
- ✓ Non se valorarán os cursos preparatorios ou integrantes de procesos selectivos, nin os cursos de acollida ou similares organizados por calquera Administración Pública.

#### 5.4. Proxecto de traballo para o posto ao que se opta e defensa pública

O/a candidato/a presentará para cada posto ao que opta un proxecto que consistirá no desenvolvemento dos ítems establecidos no baremo. O texto do proxecto non debe conter indicación ou marca ningunha que permita identificar a súa autoría.

Para garantir que a valoración do proxecto se leve a cabo sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes, deberá presentarse en sobre grande pechado, tamaño 260x360 mm, e sen ningún tipo de identificación no que apareza só o membrete da USC. Dentro deste sobre incluírase, ademais do proxecto grampado e sen ningún tipo de encanutillado ou encadernación, un segundo sobre pechado, tamaño 120x176 mm, no que apareza como única identificación o logotipo da USC e que conterá o nome e DNI do/da concursante.

Os sobres normalizados para o proxecto e para a identificación serán facilitados para estes efectos, no Servizo de Planificación e Programación de PAS, na Vicexerencia de Lugo ou nos correspondentes rexistros. Non se admitirán sobres non normalizados.

A Comisión de Avaliación valorará nesta fase do concurso, a iniciativa, a claridade de ideas e que a exposición oral que fai a persoa aspirante concorde co traballo escrito. A extensión máxima do proxecto, será de 6 folios tamaño DIN A4 escritos por unha soa cara, coas marxes esquerda, dereita, superior e inferior non inferiores a 2,5 cm., o interlineado será de 1,5 e o tamaño da letra non poderá ser inferior a 10.

Aqueles postos para os que exista descriptor de funcións, pódense consultar na páxina web: [https://www.usc.es/gl/servizos/plan\\_pas/manual-funcions.html](https://www.usc.es/gl/servizos/plan_pas/manual-funcions.html)

#### 5.5. As comisións de avaliación, que poderán contar co asesoramento de profesionais especializados, deberán seguir para a valoración e puntuación do proxecto e da defensa pública as seguintes pautas:

- ✓ Con carácter previo a dar lectura aos proxectos, establecerá os criterios de corrección fixando parámetros claros para avaliar a adecuación do escrito ás funcións do posto ao que se aspira.
- ✓ Proxecto de traballo: a comisión, logo da súa lectura, e sen identificar ao autor, formulará por escrito as preguntas que se lle farán ao/á aspirante na fase de defensa, depositándoas no mesmo sobre que contén o proxecto.

- ✓ Defensa pública: Os/as aspirantes disporán dun tempo mínimo de cinco minutos e dun máximo de quince, segundo criterio da comisión de avaliación, para realizar a defensa do seu proxecto de traballo. Rematada a exposición, a comisión procederá a formular as preguntas contidas no sobre, podendo a posteriori realizar aquelas outras que consideren necesarias para aclarar a súa intervención.
- ✓ A valoración do proxecto de traballo e defensa pública, deberá efectuarse mediante puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión de avaliación, debendo rexeitarse, para estes efectos, a máxima e a mínima concedidas ou, no seu caso, unha das que aparezan repetidas como tales. As puntuacións outorgadas, así como a valoración final, deberán reflectirse na acta que se levantará ao efecto.
- ✓ A efectos de calcular a puntuación final de cada candidato/a, puntuarase sobre 30 puntos cada unha das partes –proxecto e defensa pública- e introducirase un factor de corrección, que penalizará as defensas que non cheguen a unha puntuación de 15 puntos.
- ✓ Así, se a puntuación obtida na defensa é igual ou maior que 15, a puntuación final de cada candidato/a calcularase aplicando a seguinte fórmula:  $T = (P+D)/2$ , sendo T a puntuación total, P a puntuación obtida no proxecto, e D a puntuación da defensa pública.
- ✓ Se na defensa pública o/a aspirante, obtívese unha puntuación inferior a 15 puntos, aplicaráselle esta outra fórmula:  $T = (P+2D-15)/2$ .
- ✓ Os/as aspirantes para acadar o posto deberán obter no baremo específico, unha puntuación mínima de 10 puntos no “proxecto de traballo para o posto ao que se opta e defensa pública”.

## SEXTA.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN

- 6.1. Os méritos serán avaliados por unha Comisión que terá a composición establecida no artigo 24 do convenio colectivo para o persoal laboral da USC e será nomeada mediante resolución da xerencia que se publicará nos lugares indicados na base 3.5.
- 6.2. A Comisión terá a categoría segunda de conformidade cos grupos de clasificación para asistencias establecidos no Regulamento de indemnizacións por razón de servizo aprobado en Consello de Goberno do 29 de decembro de 2020.

## SÉTIMA.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO E TOMA DE POSESIÓN

- 7.1. A orde de prioridade para a adxudicación dos postos virá dada pola puntuación final obtida, de acordo co disposto na base quinta.
- 7.2. Os posibles empates na puntuación total dirimiranse aplicando, nesta orde, os seguintes criterios: maior puntuación no baremo específico, antigüidade na categoría, antigüidade na administración e de persistir, desempatará a maior idade do/a traballador/a.
- 7.3. Finalizado o proceso de valoración de méritos, a Comisión de Avaliación publicará nos lugares indicados na base 3.5, a proposta de adxudicación do posto, fronte á que as persoas interesadas poderán formular reclamación no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da súa publicación.

7.4. Con carácter previo á elevación a definitiva da proposta provisional, as/os aspirantes que figuren nela e para dar cumprimento a normativa de aplicación, serán convocadas/os á realización dun recoñecemento médico para determinar a aptitude clínica para o desempeño do novo posto. As/os aspirantes deberán ser declarados aptos no recoñecemento para poder figurar na proposta definitiva.

No suposto de que algún deles non alcance o recoñecemento de apto ou non compareza, decaerá da proposta, e convocarase ao seguinte aspirante que corresponda por orde de puntuación procedéndose de igual forma que no parágrafo anterior.

7.5. Transcorrido o devandito prazo sen que se presentasen reclamacións, ou unha vez que se resolveron, a Comisión de Avaliación elevará a definitiva a adxudicación de posto para que se proceda á correspondente resolución da xerencia.

7.6. O persoal que acadara destino neste concurso deberá permanecer no posto adxudicado un mínimo de dous anos, agás que participe nunha modalidade diferente de concurso.

7.7. Os traslados que se deriven da resolución do concurso terán a consideración de voluntarios e, en consecuencia, non xerarán dereito a indemnización por ningún concepto.

#### **OITAVA.- IMPUGNACIÓNS**

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer demanda no Xulgado do Social no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, ó abeiro do artigo 69 da Lei 36/2011 reguladora da Xurisdición Social.

Non obstante poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou ó abeiro do art. 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,  
O xerente  
Antonio Javier Ferreira Fernández  
(sinatura dixital)

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 21/03/2025 14:11:02.

**CSV:** C2AF-72A0-4622-A91E